

A Federación Down Galicia e as súas entidades membro, teñen implantado un Sistema de Xestión de calidade integral en todas as actividades e programas das áreas de Atención temperá, Inclusión educativa, Emprego e formación, Vida adulta, área complementaria e área transersal.

MISIÓN

Coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, promovendo a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

PRINCIPIOS	<ul style="list-style-type: none"> ● Diversidade: O normal é que sexamos diferentes ● Dignidade: Son unha persoa ● Autodeterminación: Vivo a miña vida ● Igualdade de oportunidades: Coma ti, podo con apoio ● Inclusión: A miña exclusión é o fracaso de todos
-------------------	--

VALORES que sustentan a filosofía e servizos que realiza a Federación e as súas entidades membro son os seguintes:

Coherencia	A institución e todas as persoas que formamos parte da Federación Down Galicia somos coherentes cos nosos principios.	Participación	Contribuímos ao desenvolvemento dunha sociedade máis diversa, inclusiva, democrática e xusta, promovendo a participación activa das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.
Compromiso	Esforzámonos por comprender os sentimentos, necesidades e intereses dos demais, especialmente das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual	Reivindicación	Reivindicamos os dereitos, deberes e liberdades das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual coa defensa dos nosos principios, exercitando os nosos valores e desenvolvendo políticas efectivas
Efectividade	Como entidade de iniciativa social comprometida coa construción do estado de dereito e que traballa en favor de fins de interese xeral, estamos comprometidos coa mellora continua, colaboramos activamente con todos os nosos grupos de interese e somos transparentes na nosa xestión	Unión	A unión do movemento Down en Galicia ó redor da Federación é un patrimonio institucional que debe preservarse como elemento impulsor do desenvolvemento da súa misión


A Federación e as súas entidades membro asumen os seguintes **compromisos** cos seus grupos de interese:

USUARIOS/AS	<p>Promocionar a súa autonomía persoal e brindar os apoios que o usuario precisa para mellorar os seus niveis de inclusión en todas as etapas evolutivas.</p> <p>Respectar e facer que se respecten os seus dereitos.</p> <p>Atender con calidade, calidez e profesionalidade ás súas demandas, desexos e propostas.</p>
FAMILIAS	<p>Ofrecer un espazo empático e asertivo, onde compartir experiencias, vivencias, desasosegos, ilusións, ledicia, medos, ... con outras familias e profesionais que permita a participación activa de cada familia para contribuír a acadar a misión das organizacións do movemento DOWN GALICIA.</p> <p>Ofrecer apoio para manter e/ou impulsar dinámicas familiares ricas, que favorezan a promoción da autonomía persoal de todos e cada un dos membros da unidade familiar, dende a base de que unha adecuada inclusión familiar é a mellor ferramenta para avanzar na inclusión do fillo/a coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual en todos os ámbitos.</p> <p>Utilizar unha comunicación fluída e participativa, baseada no respecto mutuo e na busca conxunta das mellores vías para acadar as maiores cotas de autonomía e independencia do fillo coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual.</p>
SECTOR SOCIOECONÓMICO	<p>Colaborar coas empresas na promoción da autonomía persoal das persoas con SD e discapacidade intelectual, mediante procesos de apoio, formación e promoción das persoas usuarias para acadar a súa inclusión sociolaboral.</p> <p>Comunicación fluída e colaborativa co sector para manter unha relación fructífera e que xere valor.</p>
SECTOR EDUCATIVO	<p>Traballar en colaboración cos centros educativos, de modo interactivo e outorgando o apoio acordado ao equipo docente para acadar un nivel satisfactorio de inclusión educativa, baseado na premisa da promoción da autonomía persoal das persoas con SD e discapacidade intelectual.</p>
ADMINISTRACIÓN E FINANCIADORES	<p>Manter unha comunicación fluída e constante.</p> <p>Garantir a adecuada xestión dos fondos concedidos para acadar os índices de inclusión e promoción de autonomía persoal máis adecuadas, así como a súa transparencia e dispoñibilidade para mostrar os resultados obtidos.</p> <p>Realizar un traballo de calidade acorde cos criterios básicos establecidos para os servizos sociais, mostrando unha imaxe de servizo, de traballo na mellora continua e de enfoque na mellora social.</p>
TRABALLADORES/AS	<p>Garantir un clima laboral saudable no que as persoas profesionais poidan desenvolverse como persoas e como traballadores.</p> <p>Potenciar a promoción profesional mediante a formación continua.</p> <p>Unha comunicación fluída e constante que axude a crear un clima de confianza e de unión entre todas as persoas traballadoras.</p>

A Federación e as súas entidades teñen un claro enfoque á persoa usuaria. A promoción da súa autonomía persoal é o obxectivo global que da soporte a todas as súas actuacións. A integración da calidade na súa atención implica que todo se fai sobre as bases dunha mellora continua e que nesa mellora participan conxuntamente xuntas directivas, directivos/as e persoas traballadoras.

A presidencia de DOWN GALICIA, comprométese a despregar o Sistema de Xestión de Calidade integral na Federación e entidades membro poñendo todos os medios necesarios para elo.

Santiago, 4 de Febreiro de 2012



Asdo: D. Delmiro Prieto González.

PRESIDENTE DOWN GALICIA